

# DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2020

## eventos destacados

### **Saúde Mental FEAFES Galicia**

r/ Aragón 147, 36206 Vigo

- **NÓS VÉMOLO CLARO, TI QUE VES?.**  
CAMPAÑA 2020 COMITÉ EN 1ª PERSOA DE GALICIA  
A campaña "Nós vémololo claro, ti que ves?" pretende dar continuidade á realizada o ano pasado, "[Botemos ou estigma ao lixo](#)", amosando que sucede cando unha persoa con problemas de saúde mental accede a un emprego. Á súa vez, a campaña irá en sintonía co lema do Día Mundial da Saúde Mental 2020: "Saúde mental e benestar: unha prioridade global", amosando que unha axeitada incorporación ao mundo laboral é unha forma máis de camiñar cara á plena inclusión das persoas de maneira positiva e saudable, libre de estigmas e prexuízos e poñendo no foco nas capacidades.  
A campaña estará composta por unha serie de fotografías nas que saen dúas persoas, unha con enfermidade mental e outra sen ela, vinculadas ao mundo do emprego. Cada foto irá acompañada dunha frase que expoña unha realidade vinculada ao mundo laboral ou ao acceso ao emprego por parte das persoas con problemas de saúde mental, reflectindo deste xeito distintas situacións, algunhas positivas e outras negativas. Nas fotos nunca se especifica quen é quen nin que persoa di a frase.  
Con esta campaña preténdese mostrar á sociedade as dificultades coas que se atopan as persoas con problemas de saúde mental nos seus procesos de inserción laboral, así como sensibilizar sobre esta realidade e amosar solucións positivas. Será lanzada nas redes sociais de Saúde Mental FEAFES Galicia, así como no blog [mentalizacion.org](http://mentalizacion.org), durante a primeira quincena de outubro de 2020.  
[Descargar cartel](#)
- Nota de prensa  
[ligazón](#)
- WEBINARS "SAÚDE MENTAL E BENESTAR, UNHA PRIORIDADE GLOBAL": xornadas online, cuxa inscrición é gratuíta e aberta a todas as persoas que desexen participar. Intervirán especialistas que falarán sobre diversos temas relacionados co lema deste ano: investimento en saúde mental, educación, persoas vulnerables, e emprego.  
Máis información na seguinte [ligazón](#):

### **Fundación Érguete Integración**

Avda. Martínez Garrido, 21 int. 36205 Vigo

- A Fundación Érguete-Integración leva a cabo, a través do Proxecto ABEIRO, accións formativas nos Centros Penais da Lama, Teixeiro e Pereiro de Aguiar, con 10 persoas internas en cada centro, coa finalidade de habilitalas como Internos e Internas de apoio, mediante unha formación de 342 horas que lles permite obter unha titulación da Universidade Antonio de Nebrija de Madrid de Técnicos/as en Auxiliar de Psiquiatría (300 horas) e unha formación complementaria de 42 horas relativa a diversas competencias para mellorar as súas habilidades sociais, xestión de conflitos, detección de sinais previos ao suicidio, técnicas para afrontar o duelo etc. Esta iniciativa supón unha relevante contribución para a mellora dos recursos de saúde mental nos centros penais.

[Máis información](#)

## **DOA Saúde Mental**

C/ Romil nº 84, 36211 Vigo

- 6 de outubro – Estrea en Facebook da campaña “GÚSTAME SENTIRME BEN”, que parte do Comité en Primeira Persoa de DOA e que, seguindo o lema “Saúde Mental e benestar, unha prioridade global”, xunta voces de todo o mundo na procura dun mesmo obxectivo común.  
[Ligazón vídeo](#)  
[Ligazón Facebook](#)
- 7 de outubro - Inauguración da [EXPOCAPELA - PÁNICO NA CAPELA 11.0](#) Exposición Virtual con obras das persoas atendidas do Centro de Rehabilitación Psicosocial de Cangas
- 8 de outubro - Presentación do [CARTEL](#) da entidade para o Día Mundial da Saúde Mental 2020, gañador do V Concurso de Cartéis para o DMSM20 das persoas atendidas dos nosos centros.
- 9 de outubro – Presentación da [Guía Psicoeducativa para a Depresión](#) elaborada co apoio de Janssen-Cilag.
- 10 de outubro – Presentación en redes dun vídeo coa participación de autoridades a nivel local (pendentes de confirmación) e do presidente da entidade, Leopoldo Robla Álvarez.
- Proximamente – Estrea de cubrebocas de DOA Saúde Mental, permenece de atentos ás nosas redes sociais

[Máis información](#)

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- 9 de outubro - ACTO CONMEMORATIVO DO DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2020 “Moverse a favor da saúde mental: invistamos nela”.

Mesa-coloquio “PROMOVENDO A SAÚDE MENTAL FRONTE AO COVID 19” que será retransmitida en streaming na seguinte [ligazón](#)

[Programa](#)